



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

IES XESÚS FERRO COUSELO

Rúa Ponte Sevilla 43

32005 – Ourense

Tlf.: 988 252000

Fax: 988 243250

E-mail: ies.ferro.couselo@edu.xunta.es

Páxina Web: <http://centros.edu.xunta.es/iesferrocouselo>

galicia

PLAN DE ORIENTACIÓN



XUSTIFICACIÓN

A elaboración e desenvolvemento do plan de orientación constitúe unha das tarefas básicas para contribuír á mellora e á calidade da oferta educativa que realiza este I.E.S.

O fin primordial non é outro que o de convencer e comprometer a tódolos sectores que participan na vida do noso Centro (profesorado, alumnado, familias, etc.) na idea de que a orientación e a acción tutorial son instrumentos tanto para previr dificultades como para facilitar o desenvolvemento vital e a aprendizaxe dos nosos alumnos.

Marcámonos como finalidade última da orientación educativa, facilitarlle aos alumnos unha formación que garantice un proceso educativo armónico e individualizado coa intención de ir definindo os itinerarios académicos e profesionais. Dita formación adquirese na medida na que se axuda ao alumno a desenvolver as capacidades de diferente natureza: cognitivas, afectivas, de relación interpersonal e de actuación e inserción social.

Nesta tarefa, a participación de toda a comunidade educativa ser á fundamental, e é que a maior eficacia do plan de orientación solo se obtendrá cando consigamos que se inserte de forma natural na acción educativa cotiá do Centro.

A lexislación actual establece que as administracións educativas prestarán unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade e mellora da ensino; que as titorías e a orientación dos alumnos formarán parte da función docente e que garantirán a orientación académica, psicopedagóxica e profesional dos alumnos.

Resumindo, plantexa unha orientación dende o punto de vista persoal, escolar e profesional que comprendería as funcións atribuídas ás titorías, a prevención e as alternativas ás dificultades escolares dos alumnos, o coñecemento do sistema escolar e a elección dos itinerarios mais acordes coas propias capacidades, o coñecemento do mundo laboral e como obxectivo último: a formación na toma de decisións positivas en tódolos ámbitos da persoa.

1.-OBXECTIVOS XERAIS

1.1.- CON RESPECTO AO CENTRO

- Colaborar na planificación e organización de toda clase de ACTIVIDADES educativas.
- Asesorar tecnicamente nas cuestións psicopedagóxicas que se demanden.
- Contribuír á realización de estudos e análises sobre as necesidades dos alumnos no Centro.
- Colaborar no deseño dos criterios de avaliación e promoción do alumnado.
- Colaborar cós demais departamentos, baixo a coordinación da xefatura de estudos, na prevención e detección temperá de problemas de aprendizaxe, así como na avaliación inicial do alumnado.
- Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica sobre os aspectos psicopedagóxicos do proxecto educativo e curricular de centro.
- Asesorar e colaborar na elaboración do consello orientador sobre o futuro académico e profesional, ao término da ESO.

1.2.- CON RESPECTO AO ALUMNADO



- Axudar ao alumnado, en función das súas características individuais, nos momentos de maior dificultade: ingreso no centro, cambios de ciclo, elección de materias optativas.
- Axudar ao alumno no coñecemento de si mesmo, fomentando a autoavaliación: como aprendo, qué dificultades encontro, en qué debo mellorar, etc.
- Contribuír ao desenvolvemento de habilidades de búsqueda e tratamento da información así como a reflexión e capacidade crítica para realizar a toma de decisións.
- Facilitar a información sobre o mundo laboral e as saídas académicas e laborais ás que pode optar o terminar os estudos , especialmente no 2º ciclo da ESO e no bacharelato.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas do alumnado que o precise, así como propoñer e coordinar os apoios educativos necesarios e o seu seguimento.
- Propoñer e colaborar na elaboración de recursos que axuden a solucionar as dificultades de aprendizaxe detectadas (comprensión, atención, motivación, organización do estudo , etc.) tanto a nivel individual como grupal. Estas medidas e accións tenderán como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

1.3.- CON RESPECTO AO PROFESORADO

- Transmitirles información acerca da avaliación psicopedagóxica dos alumnos e, en xeral, sobre as características persoais destes.
- Asesorarlles en cuestións prácticas de organización e agrupamento dos alumnos con especial atención ao tratamento flexible da diversidade de aptitudes, intereses e motivacións.
- Asesorar aos titores no desempeño da función titorial.
- Facilitarlles a utilización no aula de técnicas e instrumentos específicos relativos a hábitos de traballo, técnicas de estudo , programas de mellora cognitiva e de habilidades sociais, etc.
- Asesorarlles en ACTIVIDADES e procesos de avaliación, reforzo e apoio pedagóxico, promoción de alumnos, etc.
- Colaborar na prevención e detección de necesidades e problemas educativos, de desenvolvemento e/ou aprendizaxe que presenten os alumnos e a pronta intervención para tratar de remedialos.

1.4.- CON RESPECTO ÁS FAMILIAS

- Orientar ás familias de forma individualizada ou colectiva para que asuman responsablemente a educación e orientación dos seus fillos.
- Promover a implicación dos pais no proceso educativo.
- Cooperar na relación titores-familia na solución de problemas que afecten aos seus fillos.
- Demandarlles colaboración para as ACTIVIDADES que se realicen no Centro.



2.-ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

Tódolos obxectivos sinalados previamente pódense desenvolver agrupándoos en tres ámbitos de actuación:

2.1.-APOIO AO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

A lexislación vixente contempla a escolaridade obrigatoria ata os 16 anos. Iso supón ter que adoptar unha organización que asegure e posibilite unha formación básica que responda ás necesidades dos alumnos. Dende o departamento de orientación colaborárase no axuste da axuda psicopedagóxica ao alumnado que o necesite, ben mediante intervención directa ou facilitando materiais, recursos e estratexias. Estas deben enfocarse fundamentalmente ao diagnóstico e desenvolvemento de:

- A capacidade de aprender.
- Os estilos e ritmos de aprendizaxe.
- Os intereses e a motivación do alumnado.
- As relacións sociais.

Nesta liña pódese plantexar unha serie de actuacións tanto preventivas, como ordinarias ou, en determinadas situacións, extraordinarias.

2.1.1.-Medidas preventivas

- A **avaliación inicial** dos alumnos para detectar posibles situacións de risco. Esta avaliación incluírá o análises de aspectos tanto persoais como académicos.
- A **coordinación** coa **xefatura de estudos** para establecer criterios organizativos sobre os agrupamentos, horarios que favorezan a aplicación de medidas de reforzo xeral ou a atención a pequenos grupos.

2.1.2.- Medidas ordinarias

O traballo se centraría fundamentalmente en:

- Planificar a acollida dos alumnos creando un clima favorable e facilitando a súa integración.
- Preparar materiais específicos para traballar con alumnos individualmente ou en grupo, segundo o requiran as circunstancias.
- Diseñar ACTIVIDADES que favorezan as actitudes positivas cara o estudo .
- Facilitar materiais que axuden na organización e planificación do traballo persoal do alumnado, nas técnicas de recollida da información, nas normas de elaboración e presentación de traballos, etc.
- Organizar a atención do alumnado que con motivo da avaliación inicial, necesiten axuda para previr e superar as dificultades de aprendizaxe detectadas.



- Facilitar e orientar aquelas dinámicas de grupo que favorezan as relacións interpersoais, podendo evitar así conflitos nas aulas e crear grupos máis conxionado e eficaces.
- Asesorar ao profesorado encargado das titorías proporcionándolles información sobre aptitudes, intereses e actitudes do alumnado, así como o material e os instrumentos adecuados para traballar no período lectivo reservado a tal fin.
- Colaborar co profesorado encargado da titoría na elaboración das adaptacións curriculares necesarias para responder ás necesidades educativas especiais do alumnado.
- Asesoramento sobre a adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Atender individualmente aos pais dos alumnos para asesorarlles en todo aquilo que afecte á educación dos seus fillos e, o mesmo tempo, recadar a información necesaria que permita a máxima colaboración.
- Manter entrevistas individuais e reunións de grupo con aqueles alumnos que o soliciten.
- Aplicación de diversas probas psicopedagóxicas (habilidades de estudo, aptitudinais, velocidade e comprensión lectora, intereses, etc.), elaboración de informes e orientación sobre estratexias de intervención co alumnado que o precise.
- Programación de charlas-coloquio con expertos.

2.1.3.- Medidas extraordinarias

- Colaborar e coordinar cos demais axentes educativos implicados na elaboración das medidas necesarias de atención á diversidade do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario. Estas medidas aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario.

2.2.- PLAN DE ORIENTACIÓN PROFESIONAL

A orientación profesional é un aspecto particular da orientación educativa que ten como finalidade axudar ao alumnado na elección de estudos ou na inserción laboral ao finalizar a educación obrigatoria.

Para conseguir o obxectivo xeneral de calquera plan de orientación profesional, “facilitar ao alumno a toma de decisións na elección dos itinerarios académicos e profesionais”, as liñas de actuación prioritarias do mesmo deben desenvolverse atendendo ós obxectivos previamente sinalados e relacionando, fundamentalmente, as figuras dos titores, o departamento de orientación e as diferentes áreas.

En relación ós titores, as actuacións dirixiranse á atención dos alumnos e pais e a información aos mesmos (a través do plan de acción tutorial).

Para ás áreas e materias, a atención aos alumnos debe canalizarse a través da transversalidade que dispoñen departamentos didácticos.

O departamento de orientación, guiará a súa función na atención aos alumnos, elaborando o material informativo (guías, informes,...), atendendo consultas individuais e grupais en horas de titorías, informando sobre as diferentes opcións académicas ou profesionais, pasando cuestionarios de autoconecemento e de intereses profesionais, traballando especialmente técnicas de recollida e presentación de información sobre solicitudes laborais, instancias, currículo vitae, anuncios de prensa, oferta pública de emprego, etc. Así mesmo, nas actuacións cós pais, tanto de forma individual como colaborando coas APAS nas accións que estimen oportunas. De calquera maneira, estas ou outras



actuacións quedarán detalladas no Plan de Acción Titorial, o que sempre nos deberemos remitir e desenvolveranse durante todo o ano académico.

2.3.- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

É o marco no que especificanse os criterios e procedementos para a organización e funcionamento das titorías e debe incluír as actuacións que os titores desenvolverán cós alumnos, as familias e o equipo educativo.

Seu desenvolvemento é responsabilidade do equipo de orientación (coordinado pola xefatura de estudos), coas propostas dos titores e incorporándose á proposta do proxecto curricular para a súa aprobación no claustro.

Este plan será o xeito a seguir polos titores, que xunto có departamento de orientación e o resto de profesionais do centro, posibilitarán a consecución dos obxectivos anteriormente sinalados que constitúen o núcleo central da orientación educativa e profesional.

3.- RECURSOS

a) Humanos

- Departamentos didácticos
- Titores
- Xefatura de estudos
- Departamento de orientación

b) Materiais

- Aula de apoio
- Aula grupo-clase
- Material fotocopiado
- Informática
- Materiais de avaliación psicopedagóxica
- Materiais para as titorías
- Materiais para a aula de apoio
- Cuestionarios

4.-TEMPORALIZACIÓN

a) Medidas preventivas

Primeiro trimestre

b) Medidas ordinarias

Durante todo o curso

c) O plan de orientación profesional

Levarase a cabo basicamente a partir do 2º trimestre do curso.



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

IES XESÚS FERRO COUSELO

Rúa Ponte Sevilla 43
32005 – Ourense
Tlf.: 988 252000
Fax: 988 243250
E-mail: ies.ferro.couselo@edu.xunta.es
Páxina Web: <http://centros.edu.xunta.es/iesferrocouselo>



5.- AVALIACIÓN

Debe constituír o mecanismo de retroalimentación que vai a comprobar o grao de adecuación dos obxectivos e Actividades deseñados. Farase un seguimento por parte dos titores e dos membros do departamento de orientación das medidas adoptadas e da consecución dos obxectivos plantexados. Así mesmo terase en conta a opinión e o apoio recibido por parte dos alumnos e das familias ante os plantexamentos educativos propostos polo departamento có ánimo de profundar e, si é o caso, rectificar nos obxectivos plantexados.

Para realizar a avaliación utilizaranse cuestionarios, entrevistas, reunións, etc., debidamente programadas e organizadas ao longo do curso, que nos axudarán a realizar unha síntese reflexiva dos logros alcanzados, as dificultades atopadas, os factores que puideron influir en ambos casos e sobre todo as propostas e modificacións que deberán incorporarse para planificación do curso seguinte.